

INSTITUCIONALIZACION E ASISTENCIA DA DEFICIENCIA MENTAL EN GALICIA

Alfonso García Tobío e Agustín Dosil Maceira. Depto. de Psicoloxía Evolutiva e Diferencial. Universidade de Santiago.

O presente traballo de investigación encol das características da institucionalización e da asistencia á deficiencia mental en Galicia xurdfu como resultado do interés e a preocupación que o Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Diferencial da Universidade de Santiago ven amosando desde a súa creación pola problemática que plantexa o tema da Deficiencia Mental.

Lóxicamente, a preocupación polo tema non se circunscribe samente a coñecer o aspecto institucional, que é o eixo de este traballo. Moi pola contra, partindo da importancia que o componente social ten na delimitación do concepto de Deficiencia Mental nun lugar e nun momento concretos, coidamos que éste é un estudo necesario, non so para coñecermos unha realidade social práctica, senón tamén para fundamentar calquera aproximación teórica que se pretenda facer ao tema da Deficiencia Mental que poida ter unha incidencia real no melloramento das condicións asistenciais.

Pártese, xa que logo, do presuposto de que é necesaria unha liña de investigación a longo prazo sobre unha realidade social concreta na que está implícita unha tal multiplicidade de aspectos que esixe a participación dos diversos sectores profesionais implicados. Liña de investigación que coidamos debe estar baseada no coñecemento da realidade á que se alude. Neste sentido de sentar as bases para posteriores investigacións está orientado o presente traballo, que ten como único obxectivo o de *descreber* a situación asistencial en Galicia.

Importancia do problema da Deficiencia Mental

O concepto de Deficiencia Mental refírese a unha realidade cualitativa e cuantitativamente importante.

Participaron asimesmo na realización de este traballo, Anxo Fernández González e Antonio Quintana González.

Cualitativamente porque se refire a unha problemática, tanto social como familiar e individual, actualmente irresolúbel (ou cando menos irresolúbel na súa meirande parte) e que se sitúa no centro da vida dos suxetos directa ou indirectamente afectados; ninguén o ignora.

A súa importancia cuantitativa pode vir reflexada en cifras: diversos censos efectuados en España dan cifras que oscilan entre 300.000 e 400.000 deficientes mentais por término medio. Os estudos realizados recentemente polo S.E.R.E.M.* ofrecen cifras para o conxunto de España e relativa aos censados na Seguridade Social, en 1975, de 88.490 deficientes mentais, entre profundos, graves e medios. A éstos hai que engadir, segundo o propio organismo, un 17^o/o, xa que aquela cifra somente se refería aos deficientes mentais comprendidos entre 0 e 45 anos. Nese caso, o total elévase a 107.156. Agora ben, segundo o S.E.R.E.M., e seguindo as recomendacións da O.M.S., este total debe ser multiplicado por catro, a fin de cubrir os múltiples casos de ocultación (normais en todos os países) co cal o total de deficientes mentais en España sería de 428.624.

Os datos para Galicia, segundo a mesma fonte, supoñen 7.493 deficientes mentais censados de 0 a 45 anos. Se a éstos se lles engade o 17^o/o devandito, o total elévase a 8.767; e se esta cifra se multiplica por catro, para cubrir os casos de ocultación, o total de deficientes mentais en Galicia sería de 35.072.

Por outra parte, e partindo de que a familia nuclear galega fose de catro membros (os pais máis dous fillos) os suxetos directamente afectados ou relacionados coa Deficiencia Mental en Galicia serían 140.288, o cal supón, aproximadamente, un 5,5^o/o da poboación galega. Estas cifras están calculadas polo baixo, co cal é posíbel que nunha estimación real tenderan a aumentar.

Hai que ter en conta, ademáis, que en esta cifra practicamente non se incluen os deficientes lixeiros e límfrofes, xa que éstos non son atendidos pola Seguridade Social; e se temos en conta que o maior porcentaxe de deficientes mentais se atopan nestes dous niveis, as cifras elevaríanse sensíbelmente.

Diante deste panorama, pasemos a continuación a analizarmos a situación asistencial en Galicia.

A situación asistencial en Galicia

Os datos que a continuación pasamos a espouner referentes aos Centros de Educación Especial (C.E.E.) para deficientes mentais actualmente existentes en Galicia son os máis significativos, ao noso entender, dos recollidos a través dun cuestionario

* Véxase Fierro e outros: "Subnormalidad psíquica", ed. Kardos, Madrid, 1978

construído ao efecto no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Diferencial. A totalidade dos datos faráanse públicos próximamente.

a) *Dados sobre os C.E.E.*

1.— Número de C.E.E. e ámbitos de actuación:

En Galicia existen na actualidade 28 C.E.E., distribuídos por provincias do seguinte xeito: 8 C.E.E. na provincia de A Cruña (1 en A Cruña capital; 1 en Betanzos; 2 en Ferrol; 3 en Santiago; 1 en Carballo), 2 C.E.E. na provincia de Lugo (1 en Lugo capital; 1 en Castro Riveras de Lea), 10 na provincia de Ourense (4 en Ourense capital; 1 no Barco de Valdeorras; 1 no Carballiño; 1 en Celanova; 1 en Verín; 1 en Viana do Bolo; 1 en Xinzo de Limia) e 8 na provincia de Pontevedra (2 en Pontevedra capital; 1 en Marín; 1 en Creciente; 4 en Vigo).

Polo que fai referencia aos ámbitos de actuación de estes centros, temos o seguinte cadro:

CADRO Nº 1

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Municipio	3	1	1	3	8
Comarca	2	0	6	1	9
Provincia	0	1	3	2	6
Galicia	1	0	0	1	2
Estado	2	0	0	1	3
	8	2	10	8	28

Hai 8 centros cuxo ámbito asistencial é estrictamente municipal, 9 comarcais, 6 provinciais, 2 que actúan a nivel de toda Galicia e 3 estatais.

Varios aspectos son de destacar, en principio, de esta distribución. En primeiro lugar, cabe resaltar a agobiante escasez de C.E.E.: tan soio 28 centros en toda Galicia para atender a unha poboación superior aos dous millóns e medio de habitantes, cunha incidencia estimada (repetimos, polo baixo) de 35.072 deficientes mentais. Elo supón que cada C.E.E. debería prestar asistencia a 1.252 deficientes mentais para cubrir as necesidades reais. Isto, como veremos e é obvio, nen se compre (hai C.E.E., por exemplo, que so asisten a 4 deficientes mentais) nen é conveniente que se cumpla, xa que suporía unha masificación de deficientes en macrocentros que por diversas razóns —das que non falaremos agora— resultaría perxudicial para unha adecuada asistencia.

Na mesma liña, hai que facer notar o caso da provincia de Lugo, a peor dotada de Galicia, con tan só dous C.E.E. A provincia de Ourense é, pola contra, —e no que a número de C.E.E. se refire—, a que en mellor situación está: 10 C.E.E., que ademais, pola súa ubicación xeográfica, son os máis racionalmente distribuídos, xa que practicamente cubren todo o mapa da Provincia.

Un segundo aspecto que salta á vista é a preponderante ubicación dos centros nas cabeceiras urbáns. Dos 28 C.E.E., 17 están situados nas grandes vilas galegas (A Cruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e tan só 11 están situados en zonas rurais. E se temos en conta que aproximadamente o 80^o/o da poboación de Galicia vive en zonas rurais, o desequilibrio ponse claramente de manifesto. Elo implica, para a poboación deficiente mental rural, uns claros déficits asistenciais en relación coa poboación urbana: a necesidade de se trasladar aos centros urbáns para recibir asistencia supón na maioría dos casos un obstáculo insalvável debido aos baixos niveis económicos da poboación rural, ademais de supoñer un desarraigo do deficiente mental respecto do seu ambiente familiar e social, que trae consigo problemas de reabsorción e readaptación do deficiente unha vez que retorne ao seu medio de orixe.

Un terceiro aspecto que queremos resaltar, relacionado co anterior, é a desatención practicamente total que sofren grandes comarcas galegas, samente asistidas, na teoría, por C.E.E. de carácter provincial, de ámbito galego ou estatal, situados nas cabeceiras urbanas e lonxe das devanditas comarcas. Así, na provincia de A Cruña, os C.E.E. están localizados no eixo O Ferrol—A Cruña—Santiago, quedando tres grandes zonas nas que non existe nengún C.E.E.: unha primeira zona comprendida entre Noia, Muros, Fisterra, Malpica e Negreira; a segunda zona comprendida entre Arzua, Melide, Sobrado dos Monxes, Curtis e Ordes; e a terceira comprendida entre Ortigueira, Cedeira e Pontedeume.

En Lugo, os únicos dous centros existentes están situados no centro da Provincia. Algúns dos núcleos de poboación importantes que non contan con C.E.E. son os seguintes: Ribadeo, Viveiro, Mondoñedo, Villalba, Fonsagrada, Chantada, Monforte de Lemos, etc.

Polo que se refire á provincia de Ourense, a que conta coa distribución de C.E.E. máis adecuada, quedan, nembargantes, as zonas de Bande—Lovios, e a de Castro Caldelas—Póboa de Trives, sen C.E.E. propio.

Polo que toca á provincia de Pontevedra, os C.E.E. localízanse no eixo Pontevedra—Vigo, cunha única excepción: o C.E.E. de Creciente, de carácter estatal. Hai unha amplísima zona que non conta con nengún C.E.E.: a comprendida entre Lalín, Silleda, Bandeira, Pontecesures, Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove, Caldas de Reis e A Estrada. Unha segunda zona colle Ponte Caldelas, Mondariz, A Cañiza, Pontearreas, Porriño, Tui e A Guardia.

Até aquí viñemos sinalando as deficiencias macroestruturais ao noso entender máis graves, e moi probablemente debidas, non soio á escasez de recursos adicados á educación especial, senón tamén, e o que é máis grave, á falla absoluta de coordinación e planificación coherente dos recursos dispoñibles até a actualidade.

Pasemos a continuación a analizarmos algunhas outras características dos C.E.E.

2.- Organismos dos que dependen os C.E.E.

CADRO Nº 2

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Asoc. de Pais	4 (2 MEC)	1(MEC)	2 (MEC)	4 (MEC)	11
Congreg. relixiosa	2	0	0	2	4
Obra Soc. Caixas	1 (MEC)	0	8 (MEC)	1 (MEC)	10
M.E.C.	1	0	0	0	1
Diputación	0	1	0	1	2
	8	2	10	8	28

Hai 11 C.E.E. dependentes de Asociacións de Pais, 9 dos cais son subvencionados polo Ministerio de Educación e Ciencia.

Outros 10 dependen basicamente das Obras Sociais das Caixas de Aforros, tendo aportacións do M.E.C.; 4 dependen de congregacións relixiosas; 1 exclusivamente do M.E.C. e 2 das diputacións provinciais.

Prácticamente todos os centros dependen da iniciativa privada (en algúns casos apoiada polo Estado). Somentre tres deles se poden considerar de carácter oficial (2 dependentes das diputacións e 1 dependente do M.E.C.).

Desta situación cabe deducir o escasísimo interés que a administración veu amosando, até a actualidade, por solventar un problema da amplitude e da gravidade como o que nos ocupa. Coidamos que sobra calquera outro comentario.

3.- Capacidade asistencial dos C.E.E.

Neste apartado establecemos dous niveis de capacidade asistencial: por un lado, a capacidade pedagóxica, entendendo por tal a capacidade asistencial dos centros en base estrictamente aos medios pedagóxicos dos que dispón na actualidade (tanto persoais como materiais). Por outro lado, a capacidade física, definida como a capacidade asistencial dos centros en base ao espacio (é dicir, a capacidade asistencial

total que se pudiera acadar unha vez os centros foran dotados abondo no que respecta a medios pedagóxicos).

Neste sentido temos o seguinte cadro:

CADRO Nº 3

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Capacidade pedagóxica	901	100	356	873	2.230
Capacidade física	1.137	110	368	1.175	2.790
Deficientes asistidos	760	99	283	681	1.823
Diferencia cap. pedag. con def. as.	141	1	73	192	407
Diferencia cap. física con def. as.	377	11	85	494	967

Polo que se refire á capacidade pedagóxica, e segundo os datos ofrecidos polos propios C.E.E., habería 2.230 prazas. O feito de ser asistidos 1.823 deficientes neses centros, supón a existencia de 407 prazas máis contando cos medios pedagóxicos existentes na actualidade. Respeito á capacidade física (2.790 prazas), supón que se estiveran suficientemente dotados en medios pedagóxicos os distintos C.E.E., habería 967 prazas libres na actualidade.

De todos os xeitos, unha vez máis é necesario recalcar que as necesidades reais superan en moito aos medios dispoñibles.

Outros moitos aspectos dos C.E.E. sería necesario analizar, mais por límites de espazo vémonos obrigados a destacar somente os aspectos máis interesantes. Pasemos, sen máis, a analizar algúns dos datos máis significativos referentes á poboación asistida.

b) Datos sobre a poboación asistida

1.- Número de deficientes asistidos por C.E.E. e por provincia:

CADRO Nº 4

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	Total
A Cruña	86	117	75	230	177	36	30	9			760
Lugo	61	38									99
Ourense	50	63	34	45	15	21	32	4	13	6	283
Pontevedra	29	49	73	85	140	175	15	115			681
											1.823

Os 28 C.E.E. existentes en Galicia prestan asistencia a un total de 1.823 deficientes mentais. Isto significa un baixísimo nivel asistencial, xa que esta cifra somente supón un 5,2^o%, aproximadamente, da poboación deficiente mental total que se estima existe hoxe en Galicia.

Por provincias, a que posee unha maior capacidade asistencial é A Cruña, con 760 deficientes asistidos. No outro extremo destaca, polo seu raquíctico nivel de asistencia, a provincia de Lugo, con tan sóio 99 deficientes asistidos. Sería preciso analizar máis en profundidade estes datos, relacionándoos coa poboación total e coa poboación deficiente mental estimada de cada provincia a fin de estudar os desequilibrios entre elas e poder comparar mellor os datos. (Remitímonos a unha posterior publicación).

Polo que aos C.E.E. se refire, tan sóio constatar a existencia de centros desmesuradamente grandes (un con 230 deficientes, e outros máis con 177, 175, 140 e 117 deficientes respectivamente) para posibilitaren unha adecuada asistencia debido aos problemas que por sí mesmas acarrean as grandes concentracións (problemas dos que non nos paramos a falar por non seren nesta ocasión o noso obxectivo) e outros insuficientemente aproveitados polo reducidísimo número de deficientes aos que asisten (un centro con 4 e outro con 6 deficientes), aínda que tamén (posteriormente verémolo) polas carencias tanto de materiais como de persoal.

2.— Número de deficientes asistidos según sexo:

CADRO N^o 5

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	%
Varóns	372	50	171	406	999	54.79
Femias	388	49	112	275	824	45.21
	760	99	283	681	1.823	100.00

O único que cabe destacar neste cadro é o relativo equilibrio na asistencia aos dous sexos. Excepto na provincia de A Cruña, predomina a asistencia á poboación deficiente mental masculina.

3.— Número de deficientes asistidos según idades:

CADRO Nº 6

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	°/o
0-6	16	1	0	16	33	1.82
6-12	236	41	92	253	622	34.11
12-18	305	45	129	277	756	41.47
+ 18	203	12	62	135	412	22.60
	760	99	283	681	1.823	100.00

E este un cadro sumamente interesante e que pon de manifesto, unha vez máis, as carencias asistenciais que a deficiencia mental sofre en Galicia.

Os datos referentes á poboación de 0 a 6 anos indican, non sóio a práctica inexistencia de institucións asistenciais específicas para este período (servicios preescolares, xardíns de infancia para deficientes mentais) coas gravísimas consecuencias que esta situación conleva para as posibilidades de evolución dos deficientes; sabido é que un tratamento adecuado desde os primeiros anos pode en boa medida compensar os déficits que estes suxectos padecen, posibilidades que se ven mermadas canto máis tarde sexa o inicio do tratamento.

Pero estes datos tamén amosan outro feito estreitamente relacionado co anterior: a inexistencia da detección precoz das deficiencias mentais, moi probabelmente relacionada coa falla absoluta de gabinetes de diagnóstico.

Podería intentar argumentarse que moitas deficiencias mentais son adquiridas (non conxénitas) e que se manifestan por primeira vez precisamente no proceso educativo, sendo algunha delas ocasionadas por carencias educacionais. Por outra parte, ao longo do proceso educativo facilítase a detección pola imposibilidade que teñen os deficientes de seguir a escolarización normal. A marxen de moitas puntualizacións que se poderían facer e de posíbeis polémicas nas que agora preferimos non entrar, aínda admitindo tais argumentos, coidamos que en absoluto anulan os comentarios feitos: a detección precoz e os servicios asistenciais preescolares son absolutamente necesarios.

Outros feitos que o Cadro nº 3 pon de manifesto son, por un lado a concentración da asistencia en torno aos 6-18 anos (cun notábel incremento na asistencia á poboación de 12-18 anos), que garda estreita relación cos períodos normais de escolarización na liña que máis arriba sinalábamos, e o descenso brusco na asistencia aos deficientes de máis de 18 anos. As causas máis probabeis deste descenso habería que buscalas, por unha parte na inexistencia de centros adicados a deficientes adultos (prácticamente todos os C.E.E. de Galicia establecen como idades límites de

asistencia os 18–21 anos) e, por outra, nas elevadas taxas de mortalidade que se producen en idades tempranas en algunhas variedades de deficiencia mental.

A inexistencia de centros para deficientes adultos ten como consecuencias presumíbeis que, unha vez rematado o período de estancia no C.E.E., o deficiente ou ben retorna ao grupo familiar (cos problemas que ese retorno conleva) ou ben sexa ingresado nunha institución psiquiátrica ou asilar. Pouco máis se pode dicir ao respecto, xa que practicamente en ningún C.E.E. se realizan estudos de seguimento dos deficientes unha vez que abandonan o centro.

4.- Distribución da poboación segundo a procedencia rural–urbán:

CADRO Nº 7

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	%
Medio rural	359	81	158	332	927	53.42
Medio Urbán	401	18	125	264	808	46.57
	760	99	283	(+)596	(+)1.735	100.00

(+) Hai 85 deficientes do C.E.E. de Crecente (Pontevedra) dos cauais non pudemos obter datos respecto á súa procedencia.

Somente dous aspectos queremos destacar deste cadro. Por unha parte, se ben en termos absolutos hai un relativo equilibrio na asistencia a deficientes procedentes de medios urbáns e de medios rurais, con un lixeiro predominio destes últimos, nembargantes hai que ter en conta que ao redor do 80% da poboación galega vive en medios rurais, co cal queda de manifesto o desequilibrio existente.

Por outra parte, dos 927 deficientes procedentes de medios rurais, 714 (aproximadamente o 77%) reciben asistencia nos C.E.E. situados nas sete grandes vilas galegas. A conclusión que unha vez máis se pode tirar refírese ás pésimas condicións asistenciais que máis agudamente sofren as zonas rurais.

5.- Número de deficientes asistidos segundo niveis de déficit:

CADRO Nº 8

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	%
Límites	75	13	18	88	194	12.17
Lixeiros	247	25	167	178	617	38.73
Moderados	242	34	89	225	590	37.03
Severos	64	27	7	7	105	6.59
Profundos	18	0	0	69	87	5.46
	(+) 646	99	(+) 281	(+) 567	(+) 1.593	100.00

(+) Hai 230 deficientes, pertencentes a seis C.E.E., dos cauais no propio centro non se dispuña do seu C.I.

En primeiro lugar hai que sinalar o feito de cinco C.E.E. non ter en absoluto, non xa os C.I., senón tan siquera un mínimo diagnóstico dos deficientes aos que asisten.

A marxen doutras anomalías existentes en torno aos diagnósticos e de posibles polémicas que se poideran plantexar ao respecto, nos C.E.E. emprégase dun xeito practicamente universal o criterio de clasificación establecido pola Organización Mundial da Saúde (O.M.S.), razón pola cal empregámolo nos.

Tres cuestións resaltan neste cadro: a primeira referente á desasistencia na que se atopan os deficientes profundos e severos, que somente supoñen un 12^o/o do total de deficientes asistidos. Por outro lado, a concentración dos recursos asistenciais en torno aos deficientes mentais moderados e lixeiros (que supoñen un 75,76^o/o dos deficientes asistidos). E un terceiro aspecto a destacar refírese ao baixo número de deficientes límites (tan sóio o 12,17^o/o dos deficientes asistidos).

Esta situación indicaría, ao noso entender, por unha parte a concentración de recursos en torno aos niveis de déficit máis facilmente educabeis, os que menos problemas presentan á hora do seu tratamento e cos que a Educación Especial obtén uns resultados máis claramente visibeis. (Hai que ter en conta tamén, por suposto, que en todo caso é menor a incidencia dos niveis de déficit máis profundos; pero en función dos baixísimos niveis asistenciais, coidamos que isto non anula en absoluto as nosas afirmacións).

Caso aparte é o do grupo dos límites. Estes, por seren máis facilmente asimilábeis pola escolarización normal (aínda que presenten problemas) e polos grupos sociais de máis baixo nivel cultural, ademais de en algúns casos ser asistidos polas Aulas de Educación Especial anexas a Escolas Normáis, supoñen un grupo xustificadamente reducido nos C.E.E.

6.— Distribución dos deficientes asistidos segundo o réximen de estancia nos C.E.E.:

CADRO Nº 9

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	°/o
Externos	11	6	12	219	248	13.60
Internos	401	38	61	252	752	41.25
Medio pensión	348	55	210	210	823	45.15
	760	99	283	681	1.823	100.00

En todas as provincias, excepto na de Pontevedra, hai unhas marcadas diferencias entre os grupos de internos e medio-pensionistas, por un lado, e os externos, polo outro.

Sen pararnos en máis detalles, pódese afirmar que a Educación Especial en Galicia é, fundamentalmente, de xornada completa: o 96,40°/o dos deficientes pasan o día inteiro nos C.E.E.

7.— Distribución dos deficientes asistidos segundo a aportación económica aos C.E.E.:

Os datos que aparecen no seguinte cadro coméntanse por sí soios:

CADRO Nº 10

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	°/o
Gratuitos	276	61	275	331	943	58.64
Semigratuitos	201	0	8	191	400	24.88
De cuota completa	106	0	0	159	265	16.48
	(+) 583	(+) 61	283	681	(+) 1.608	100.00

(+) Carecemos de datos a este respecto de dous C.E.E., un na provincia de A Cruña e outro na provincia de Lugo.

Deste cadro nós queremos resaltar sinxelamente a necesidade de establecer a gratuidade a todos os niveis. Coidamos que non é aceptábel que ademais do cúmulo de problemas de toda índole que teñen que soportar as familias dos deficientes, teñan que sufrir por riba unha grava económica que en moitos casos supón de feito un impedimento para acceder á Educación Especial.

c) *Datos sobre persoal existente nos C.E.E.*

Nos 28 C.E.E. existentes en Galicia traballan un total de 556 persoas de moi diversa cualificación profesional.

Tendo en conta que entre os 28 C.E.E. asisten a un total de 1.823 deficientes, elo supón a existencia dun profesional por cada 3,28 deficientes, o cal, "a priori", parece indicar unha aceptábel situación asistencial polo que se refire á relación entre os recursos humanos e as necesidades asistenciais da poboación deficiente mental institucionalizada.

Nembargantes, é preciso analizar máis detalladamente a anterior información, a fin de obter unha perspectiva máis real da situación que a até aquí exposta.

O total de deficientes mentais antes indicado (1.823) refírese exclusivamente á poboación de deficientes *actualmente asistida* en C.E.E. E necesario referirse tamén ao número *total* de deficientes existentes en Galicia. A falla dun censo elaborado ao respecto, continuaremos empregando as estimacións efectuadas polo S.E.R.E.M. Este organismo, como anteriormente vimos, estimaba, no ano 1975, o número de deficientes mentais en Galicia en 35.072, entre profundos, severos e moderados. Se se relaciona esta cifra co número de profesionais, suporía tan sóio a existencia dun profesional por cada 63 deficientes, o cal significa unha capacidade asistencial (desde o punto de vista dos medios persoais) moi reducida polo que as necesidades reais se refire.

Por outra parte, é necesario ter en conta que a cifra de 556 profesionais refírese ao conxunto de persoas que desempeñan o seu traballo nos 28 C.E.E., sexa cal sexa a súa cualificación.

Pasemos a continuación a analizar en máis detalle a composición do grupo de profesionais.

1.— Distribución do persoal segundo cualificación profesional:

CADRO Nº 11

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	°/o
Psicólogos	5	0	1	6	12	2.16
Pedagogos	3	0	2	3	8	1.44
Mestres	91	12	33	58	194	34.89
Médicos	11	1	0	5	17	3.06
A.T.S.	7	0	0	5	12	2.16
Educadores	29	2	5	27	63	11.33
Fisioterap.	2	1	0	6	9	1.62
Logopedas	7	1	0	13	21	3.78
Relixiosos	18	3	1	11	33	5.93
As. Sociais	4	0	1	8	13	2.34
Subalternos	61	6	16	46	129	23.20
Monitores de taller	11	1	1	6	19	3.42
Administr.	11	1	1	11	24	4.31
Outros	0	0	0	2	2	0.36
	260	28	65	207	556	100.00

Como pode observarse no cadro nº 6, os profesionáís directamente relacionados coa asistencia e educación dos deficientes mentáís (psicólogos, pedagogos, mestres, educadores, fisioterapeutas, logopedas e monitores de taller), samente suman 326, o cal supón un profesional por cada 5,58 deficientes asistidos e por cada 107,64 deficientes estimados.

Por outra parte, considerando que na actualidade o peso central da asistencia aos deficientes, considerada como Educación Especial, recai sobre o grupo dos mestres no que ao proceso educativo se refire, obsérvase no cadro anterior un total de 194 profesionáís de esta categoría, que sobre a base de 1.823 deficientes asistidos e 35.072 deficientes estimados, supón un mestre por cada 9,39 deficientes asistidos e por cada 180,78 deficientes estimados.

As conclusións que poden ser tiradas dos datos expostos refírense en todo caso á escasez de recursos persoáís existentes en Galicia e, xa que logo, á evidente necesidade de incrementalos de cara, sobre todo, á satisfacción das necesidades reais de asistencia xeralizada á deficiencia mental.

Polo que toca á análise das diferentes categorías profesionáís existentes, os 194 mestres son o grupo máis numeroso (34,89°/o sobre o total de profesionáís). A

continuación, o grupo máis numeroso e o dos subalternos (129), que supoñen un 23,20^o/o, seguíndolle o grupo dos educadores (63), cun 11,33^o/o sobre o total. Os tres grupos de profesionáis supoñen o 69,42^o/o sobre o total.

Pódese, xa que logo, tirar a conclusión de que a Educación Especial en Galicia está basicamente sustentada nos tres grupos de profesionáis devanditos: mestres, educadores e subalternos.

Outros datos a destacar son os referentes ao número de psicólogos e pedagogos, pola importancia que estes profesionáis teñen na Educación Especial. 12 psicólogos e 8 pedagogos en toda Galicia supoñen cifras excesivamente baixas, sobre todo se se ten en conta que a problemática plantexada polos deficientes mentáis é bastante máis complexa que a que plantexan os suxetos "normáis", esixindo unha presenza moito máis activa e continua en cada caso individual de ambas as categorías de profesionáis, o cal reduce as súas posibilidades asistenciais cuantitativas se se desexa mantelos dentro duns niveis de actuación satisfactorios.

Por outro lado, hai que se referir aos asistentes sociáis: tan sóio 13 en toda Galicia. Se se ten en conta a importancia dos compoñentes social, económico e familiar na deficiencia mental, e que a asistencia adecuada a ésta debería presupor o coñecimento de todos e cada un dos factores incidentes, queda suficientemente explicitada a precariedade de recursos a este nivel.

Dous datos máis é preciso comentar. Un referente ao relativamente numeroso grupo de relixiosos (33), o cal é un claro exponente do feito das congregacións relixiosas seguir tendo un importante peso na asistencia aos deficientes mentáis.

O outro reffrese aos médicos (17), respecto aos cuais é necesario precisar que practicamente nengún deles forma parte da plantilla estábel dos C.E.E.

Moitos máis aspectos poderíanse analizar e comentar, pero unha vez máis remitímonos a unha publicación posterior do estudo completo.

2.- Cualificación profesional dos directores dos C.E.E.:

Oferecemos estes dados escuetamente sen comentarios, xa que coidamos que por sí soios teñen certa significación respecto da situación na que se atopa a Educación Especial en Galicia.

Dos 8 centros existentes na provincia de A Cruña, 3 son dirixidos por pedagogos, 2 por mestres, dous por relixiosos e o derradeiro por un podólogo. Os dous centros da provincia de Lugo son dirixidos por mestres.

Respeito á provincia de Ourense, hai que sinalar que dos 10 C.E.E. existentes, 8 pertencen ao Patronato María Soriano da Obra Social da Caixa de Aforros, sendo as tarefas de dirección de todos eles asumidas por un pedagogo pertencente ao Centro de Pedagogía do devandito Patronato. Os dous C.E.E. restantes, un é dirixido por un pedagogo e outro por un mestre.

Por último, os 8 C.E.E. da provincia de Pontevedra son dirixidos: 1 por un pedagogo, 3 por mestres, 3 por relixiosos e o restante por unha ama de casa.

CADRO Nº 12

	A Cruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Pedagogos	3	0	2	1	6
Mestres	2	2	1	3	8
Relixiosos	2	0	0	3	5
Podólogo	1	0	0	0	1
Ama de casa	0	0	0	1	1
	8	2 (+)	3	8 (+)	21

(+) Léase o comentario.

A modo de resumo

Pódese afirmar, en base aos datos expostos, que a situación asistencial da deficiencia mental en Galicia é, cando menos a nivéis cuantitativos, tremendamente deficiente. Agás o voluntarismo e a boa vontade de bon número de persoas que desenrolan a súa actividade profesional neste complexo campo, poucos máis aspectos positivos é posíbel atopar, nen polo que se refire ao número de C.E.E., a todas luces escaso, nen ao número de persoas que traballan neles, nen, xa que logo, no número de deficientes asistidos, moi por baixo da súa incidencia real.

A necesidade de incrementar os recursos, por un lado, e de planificación coherente e axeitada, por outro, son as dúas conclusións básicas que poden ser tiradas do presente traballo. E son éstas tarefas que teñen que ser asumidas pola Administración se se quere que o panorama cambie: de pouco valen os francotiradores fronte a un problema da magnitude do que nos ocupa.